

Martelo demoledor ou perforador

Accede a esta ficha e descárgaa noutras linguas cooficiais e estranxeiras



Antes de empregala máquina comproba que:

Non hai ninguén no radio de acción do martelo.

O dispositivo portaferramentas funciona correctamente e a ferramenta está ben fixada e é a axeitada para o traballo a realizar.

El condutor eléctrico ou a manguera pneumática e as súas conexións non presentan danos.

A área de traballo foi inspeccionada para localizar conduction eléctricas ou tubarías .

A presión de traballo e o caudal de aire son compatibles coas especificacións técnicas do martelo.

A válvula do compresor está pechada e a manguera correctamente acoplada.

En canto ao manexo:

Suxeita o martelo coas dúas mans, cos pés afastados do aparello.

Non o fagas funcionar en baleiro nin o ergas do punto de traballo ata á súa detención.

Non empregues o equipo baixo os efectos do alcol ou drogas.

Emprega o equipo só se estás capacitado/a e autorizado/a.

Coloca a ferramenta (cicel, broca) coa saída de aire do compresor pechada e sen presión na manguera.

Verifica periodicamente o depósito de lubricante.

Evita tensala manguera e a formación de cóbados (nunca dobrar para cortar o aire). Mantena afastada de fontes de calor e protexida fronte a cortes.

Os esforzos realizaranse no sentido do eixo do martelo, nunca en panca.

Non toques a ferramenta tralo seu uso (pode estar moi quente).

Evita danos por vibracións alternando distintas tarefas. Suxeita o martelo só coas mans (non o apoies no abdome). Co frío, emprega luvas.

Emprega os EPI necesarios, cando menos:



protección ocular



protección auditiva



luvas anticorte



calzado de seguridade

Ao finalizar o traballo:

Verifica as perdas de aire nas xuntas, acoplamentos defectuosos ou roturas de mangueras ou tubos.

Garda o equipo protexido da intemperie.

No deixes o martelo chantado no chan ou en paramentos, nin conectado ao circuito de presión.

Para máis información en relación á verificación de maquinaria **accede**

